

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**11193** *Real decreto 837/2020, do 15 de setembro, polo que se aproba a Directriz básica de planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil.*

O Regulamento (UE) n.º 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre investigación e prevención de accidentes e incidentes na aviación civil e polo que se derroga a Directiva 94/56/CE, dispón que cada Estado membro elaborará, a escala nacional, un plan de emerxencia relativo aos accidentes de aviación civil.

Deste modo, no Real decreto 632/2013, do 2 de agosto, de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e aos seus familiares e polo que se modifica o Real decreto 389/1998, do 13 de marzo, polo que se regula a investigación dos accidentes e incidentes de aviación civil, establécese que os accidentes de aviación civil se consideran risco susceptible de xerar emerxencias, para os efectos de garantir que os plans de protección civil os inclúen no inventario de riscos potenciais.

En consecuencia, a Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil, dispón no seu artigo 15 que o risco de emerxencias por accidentes de aviación civil será obxecto de plans especiais de protección civil.

Esta directriz establece, por tanto, os criterios mínimos que deben reunir os citados plans especiais de protección civil fronte ao risco de emerxencias de aviación civil, que elaborarán as distintas administracións públicas, en canto ao seu esquema organizativo e funcional, de forma que se garanta a adecuada coordinación das actuacións de todos os órganos participantes, no ámbito territorial que en cada caso corresponda.

Este real decreto adecúase aos principios de boa regulación establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e, en particular, aos principios de necesidade e eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

A directriz básica elaborouse no seo dun grupo de traballo constituído no ámbito do Consello Nacional de Protección Civil e este emitiu informe na súa reunión do 8 de abril de 2019.

Na súa virtude, por proposta do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de setembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación da Directriz básica de planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil.*

Apróbase a Directriz básica de planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Non incremento do gasto público.*

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Desenvolvemento normativo e aplicación.*

Habílitate o ministro do Interior para ditar as disposicións oportunas para a aplicación e desenvolvemento deste real decreto e da directriz que el aproba.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 15 de setembro de 2020.

FELIPE R.

O ministro do Interior,  
FERNANDO GRANDE-MARLASKA GÓMEZ

## **DIRECTRIZ BÁSICA DE PLANIFICACIÓN DE PROTECCIÓN CIVIL ANTE EMERXENCIAS AERONÁUTICAS DE AVIACIÓN CIVIL**

### ÍNDICE

1. Disposicións xerais.
  - 1.1 Obxecto.
  - 1.2 Alcance.
  - 1.3 Definicións.
  - 1.4 Marco legal.
2. Elementos básicos para a planificación.
  - 2.1 Análises de riscos.
  - 2.2 Busca e localización de aeronaves sinistradas.
  - 2.3 Notificación.
  - 2.4 Actuacións básicas que se considerarán nos plans.
  - 2.5 Fases e situacións operativas dos plans especiais de comunidade autónoma.
3. Estrutura xeral e contido mínimo da planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil.
  - 3.1 Características básicas.
  - 3.2 O Plan estatal de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil.
    - 3.2.1 Concepto.
    - 3.2.2 Funcións básicas.
    - 3.2.3 Contido mínimo.
  - 3.3 Os plans especiais de protección civil de comunidades autónomas ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil.
    - 3.3.1 Concepto.
    - 3.3.2 Funcións básicas.
    - 3.3.3 Contido mínimo.

3.4 Coordinación entre o Plan estatal e os plans especiais de comunidades autónomas.

3.4.1 Órganos de coordinación e transferencia de responsabilidades na dirección de emerxencias.

3.4.2 Información sobre sucesos e previsións de risco.

3.5 Plans de ámbito local ante o risco de emerxencias de protección civil.

4. Guía técnica.

Anexo. Análise de riscos.

### 1. Disposicións xerais

1.1 Obxecto: esta directriz básica de planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil ten por obxecto o establecemento dos criterios mínimos que deben reunir os plans especiais de protección civil fronte a ese tipo de emerxencias, que elaborarán as distintas administracións públicas, en canto ao seu esquema organizativo e funcional, de forma que se garanta a adecuada coordinación das actuacións de todos os órganos participantes, no ámbito territorial que en cada caso corresponda. Todo isto segundo o disposto no número 3 do artigo 15 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil.

1.2 Alcance: os plans especiais de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil (en diante, plans especiais) serán de aplicación:

– Ás emerxencias ocorridas en instalacións aeronáuticas, sexan ou non producidas por accidentes de aeronaves, se o sistema público ordinario de atención de emerxencias resulta insuficiente.

– Aos accidentes de aeronaves ocorridos dentro do espazo aéreo de soberanía e de responsabilidade española, sen prexuízo do establecido nos acordos de servizos de busca e salvamento subscritos por España.

– Ás emerxencias de aeronaves en voo que poidan derivar en accidente pero que aínda non se produciu.

– Ás actuacións de atención á emerxencia que se realicen, en coordinación co Servizo de Busca e Salvamento Aéreo, a Dirección Xeral da Mariña Mercante e a Sociedade de Salvamento e Seguridade Marítima (Sasemar), naqueles casos en que o accidente ocorrese no mar.

– A aquelas actividades necesarias para a asistencia ás vítimas nacionais de accidentes aéreos e os seus familiares, cando, tendo ocorrido estes fóra do espazo aéreo de responsabilidade española, as aeronaves implicadas tivesen a súa orixe ou destino nel.

– A aquelas actividades necesarias para a asistencia a vítimas de accidentes aéreos e os seus familiares, cando, tendo ocorrido estes dentro do espazo aéreo de responsabilidade española, as aeronaves implicadas non tivesen orixe ou destino nel.

Os plans especiais elaborados de acordo con esta directriz básica tamén serán aplicables ás emerxencias de aeronaves civís ocorridas en bases aéreas ou aeródromos militares abertos ao tráfico aéreo civil. Por conseguinte, cando nesta directriz básica se faga referencia a emerxencias de aeronaves nestas bases aéreas, estaranse considerando exclusivamente as de tipo civil.

Para os efectos de aplicación desta directriz, as referencias aos xestores das instalacións aeronáuticas, en caso das bases aéreas militares abertas ao tráfico civil, entenderanse referidas aos xefes das ditas bases aéreas, de conformidade co establecido no Real decreto 1167/1995, do 7 de xullo, sobre réxime de uso dos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea e un aeroporto e das bases aéreas abertas ao tráfico civil.

Os plans especiais elaborados de acordo con esta directriz básica non serán aplicables aos accidentes en que se vexan involucradas aeronaves das Forzas Armadas ou dos corpos e forzas de seguridade. Non obstante, por requirimento das autoridades militares ou policiais, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán activar os plans especiais para atender as situacións de emerxencia producidas. Para isto, os plans especiais deberán recoller procedementos explícitos que inclúan os necesarios protocolos de actuación e coordinación entre os medios de emerxencias civís e militares.

En caso de emerxencias relacionadas con actos ilícitos (apoderamento ilícito de aeronave, sabotaxe, ameaza de explosivos, etc.), así como en emerxencias de saúde pública de importancia internacional, estes plans poderán aplicarse como apoio para paliar as consecuencias sobre as persoas e os seus bens. Non obstante, quedarán subordinados ao disposto na normativa en cada caso aplicable.

1.3 Definicións: para os efectos da presente directriz, teranse en conta as seguintes definicións:

Instalacións aeronáuticas:

a) Aeródromo: zona definida (incluídos edificios, instalacións e equipamentos) en terra, na auga ou nunha estrutura fixa, fixada extraterritorialmente ou flotante para ser utilizada total ou parcialmente para a saída, a chegada ou o movemento en superficie de aeronaves.

b) Aeroporto: todo aeródromo en que existan de modo permanente instalacións e servizos con carácter público para asistir de modo regular o tráfico aéreo, permitir o aparcamento e reparacións do material aéreo e recibir ou despachar pasaxeiros ou carga.

c) Heliporto: aeródromo ou área definida sobre unha estrutura destinada a ser utilizada, total ou parcialmente para a chegada, a saída ou o movemento de superficie dos helicópteros.

Zona A de instalación aeronáutica: zona do ámbito de aplicación do Plan de autoprotección da instalación aeronáutica que cobre o límite do seu recinto.

Zona E de instalación aeronáutica: zona que cobre as inmediacións da instalación aeronáutica e que é coherente coa zona E definida no seu plan de autoprotección.

Emerxencia de protección civil: situación de risco colectivo sobrevida por un evento que pon en perigo inminente persoas ou bens e que exige unha xestión rápida por parte dos poderes públicos para atendela, mitigar os danos e tratar de evitar que se converta nunha catástrofe. Correspóndese con outras denominacións como emerxencia extraordinaria, por contraposición a emerxencia ordinaria, que non ten afectación colectiva.

Emerxencia en instalación aeronáutica: calquera situación de risco colectivo que teña lugar no interior dunha instalación aeronáutica que precise da activación do plan de autoprotección.

Mercadorías perigosas por vía aérea: todo obxecto ou substancia que poida constituír un risco para a saúde, a seguridade, a propiedade ou o ambiente e que figure na lista de mercadorías perigosas ou estea clasificado como tal nas instrucións técnicas para o transporte sen riscos de mercadorías perigosas por vía aérea.

Nesta directriz considéranse, ademais, as definicións incluídas no Regulamento (UE) n.º 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre investigación e prevención de accidentes e incidentes na aviación civil e polo que se derroga a Directiva 94/56/CE.

1.4 Marco legal: para situar o marco legal e regulamentario dos distintos plans de actuación, cabe aquí sinalar as seguintes normas:

- Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema nacional de protección civil.
- Norma básica de protección civil, aprobada polo Real decreto 407/1992, do 24 de abril.
- Norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, aprobada polo Real decreto 393/2007, do 23 de marzo.

- Protocolo de intervención da Unidade Militar de Emerxencias, aprobado polo Real decreto 1097/2011, do 22 de xullo.
- Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.
- Lei 48/1960, do 21 de xullo, sobre navegación aérea.
- Regulamento de circulación aérea, aprobado polo Real decreto 57/2002, do 18 de xaneiro.
- Regulamento (UE) 139/2014 da Comisión, do 12 de febreiro de 2014, polo que se establecen os requisitos e procedementos administrativos relativos aos aeródromos, de conformidade co Regulamento (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello.
- Regulamento 996/2010 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de outubro de 2010, sobre investigación e prevención de accidentes e incidentes na aviación civil e polo que se derroga a Directiva 94/56/CE.
- Real decreto 862/2009, do 14 de maio, polo que se aproban as normas técnicas de deseño e operación de aeródromos de uso público e se regula a certificación dos aeroportos de competencia do Estado.
- Real decreto 632/2013, do 2 de agosto, de asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e os seus familiares, e polo que se modifica o Real decreto 389/1998, do 13 de marzo, polo que se regula a investigación dos accidentes e incidentes de aviación civil.
- Protocolo de coordinación para a asistencia ás vítimas de accidentes de aviación civil e os seus familiares, aprobado pola Resolución do 14 de maio de 2014, da Subsecretaría do Interior.
- Real decreto 1167/1995, do 7 de xullo, sobre réxime de uso dos aeródromos utilizados conxuntamente por unha base aérea e un aeroporto e das bases aéreas abertas ao tráfico civil.
- Real decreto 1919/2009, do 11 de decembro, polo que se regula a seguridade aeronáutica nas demostracións aéreas civís.
- Decisión 1313/2013/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativa a un mecanismo de protección civil da Unión.
- Regulamento (UE) n.º 2018/1139 do Parlamento Europeo e do Consello, do 4 de xullo de 2018, sobre normas comúns no ámbito da aviación civil e polo que se crea unha Axencia da Unión Europea para a Seguridade Aérea e polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 2111/2005, (CE) n.º 1008/2008, (UE) n.º 996/2010, (CE) n.º 376/2014 e as directivas 2014/30/UE e 2014/53/UE do Parlamento Europeo e do Consello e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 552/2004 e (CE) n.º 216/2008 do Parlamento Europeo e do Consello e o Regulamento (CEE) n.º 3922/91 do Consello.
- Regulamento de execución (UE) n.º 1035/2011 da Comisión, do 17 de outubro de 2011, polo que se establecen requisitos comúns para a prestación de servizos de navegación aérea e se modifican o Regulamento (CE) n.º 482/2008 e o Regulamento (UE) n.º 691/2010.
- Regulamento de execución (UE) n.º 923/2012 da Comisión, do 26 de setembro de 2012, polo que se establecen o Regulamento do aire e disposicións operativas comúns para os servizos e procedementos de navegación aérea, e polo que se modifican o Regulamento de execución (UE) n.º 1035/2011 e os regulamentos (CE) n.º 1265/2007, (CE) n.º 1794/2006, (CE) n.º 730/2006, (CE) n.º 1033/2006 e (UE) n.º 255/2010.
- Regulamento de execución (UE) 2017/373 da Comisión, do 1 de marzo de 2017, polo que se establecen requisitos comúns para os provedores de servizos de xestión do tránsito aéreo/navegación aérea e outras funcións da rede de xestión do tránsito aéreo e a súa supervisión, polo que se derrogan o Regulamento (CE) n.º 482/2008 e os regulamentos de execución (UE) n.º 1034/2011, (UE) n.º 1035/2011 e (UE) n.º 2016/1377, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 677/2011.
- Real decreto 1919/2009, do 11 de decembro, polo que se regula a seguridade aeronáutica nas demostracións aéreas civís.
- Real decreto 1196/2003, do 19 de setembro, polo que se aproba a Directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos cales que interveñen substancias perigosas.

- Real decreto 601/2016, do 2 de decembro, polo que se aproba o Regulamento da circulación aérea operativa.
- Resolución do 20 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Aviación Civil, pola que se publican as instrucións técnicas para o transporte seguro de mercadorías perigosas por vía aérea.

## 2. Elementos básicos para a planificación

2.1 Análises de riscos: as análises de riscos de accidentes de aeronaves efectuaranse tendo en conta a experiencia internacional, a partir da tipoloxía das aeronaves, as instalacións aeronáuticas e as súas proximidades ou outras zonas do territorio nacional, determinando os posibles escenarios de emerxencia que, previsiblemente, poderían producirse, incluído o efecto dominó con outras instalacións e elementos vulnerables.

Así mesmo, deberán terse en conta os riscos das instalacións aeronáuticas non relacionados con accidentes de aeronaves. Todo isto de conformidade co especificado no anexo.

2.2 Busca e localización de aeronaves sinistradas: sen prexuízo do establecido nos acordos de servizos de busca e salvamento subscritos por España, o Servizo de Busca e Salvamento Aéreo do Exército do Aire ten por obxecto proporcionar toda a axuda posible ás aeronaves en perigo ou sinistradas e aos superviventes dos accidentes de aviación dentro das rexións de información de voo españolas e, fóra destas, cando sexa especialmente solicitado ou así se establecese mediante acordos internacionais.

Polo xeral, os primeiros en ter coñecemento dunha posible situación de emerxencia aeronáutica serán os servizos de Tránsito Aéreo, que a notificarán, segundo o tipo de incidente, ao centro coordinador de salvamento que corresponda, conforme o disposto polo Regulamento de circulación aérea.

Noutros casos, será o Centro Coordinador de Salvamento quen reciba unha mensaxe de activación dunha radiobaliza aeronáutica.

Por isto, mentres non se teña constancia fidedigna da produción dun accidente aéreo e a súa localización exacta, a dirección e coordinación das operacións de busca e salvamento das aeronaves en perigo ou sinistradas corresponde ao Servizo de Busca e Salvamento Aéreo.

En caso de se producir un accidente aéreo en augas marítimas, o Servizo de Busca e Salvamento Aéreo pode solicitar a participación de medios marítimos e aéreos doutros servizos, como Sasemar.

2.3 Notificación: os servizos de Tránsito Aéreo e os centros coordinadores de salvamento deberán informar os órganos competentes de protección civil de todos aqueles incidentes e accidentes que requiran ou supoñan a posibilidade real de que poidan chegar a requirir a busca, localización, rescate ou asistencia á aeronave en perigo e/ou accidentada, e que poida necesitar da participación dos medios e recursos do Sistema nacional de protección civil.

As fases de busca e localización dunha posible aeronave en situación de emerxencia poden describirse na seguinte forma:

– INCERFA: emerxencia aeronáutica que se caracteriza pola existencia dunha certa posibilidade de que se producise ou se poida producir un accidente aéreo. Esta situación podería evolucionar ao tipo «ALERFA», «DETRESFA» ou ao tipo «Accidente Aéreo».

– ALERFA: emerxencia aeronáutica caracterizada pola posibilidade real de que se producise ou se poida producir un accidente aéreo. Esta situación pode implicar a realización de operacións de busca, dirixidas e coordinadas polo Servizo de Busca e Salvamento Aéreo, para localizar a aeronave sinistrada. Esta situación podería evolucionar ao tipo «DETRESFA» ou ao tipo «Accidente Aéreo».

– DETRESFA: emerxencia aeronáutica caracterizada por unha alta probabilidade de que se producise un accidente aéreo. Esta situación implica a realización de operacións de busca, dirixidas e coordinadas polo Servizo de Busca e Salvamento Aéreo, para

localizar a aeronave sinistrada. De confirmarse que a alarma é real pasaría ao tipo «Accidente Aéreo».

– ACCIDENTE AÉREO: implica a posible realización de operacións de busca e salvamento da aeronave accidentada, así como daquelas persoas que puidesen terse visto afectadas polo accidente.

En caso necesario, os servizos de tránsito aéreo procederán á súa notificación:

- Ao centro coordinador de salvamento (RCC) de responsabilidade.
- Aos xestores das instalacións aeronáuticas de orixe e destino da aeronave.
- Aos órganos competentes en materia de protección civil das comunidades autónomas en cuxo ámbito territorial fose localizada a aeronave, se for o caso, así como aos órganos autonómicos competentes en que se encontren localizadas as instalacións aeronáuticas de orixe e destino.
- Á Oficina de Asistencia a Vítimas de Accidentes Aéreos do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
- Á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, a través do Centro Nacional de Seguimento e Coordinación de Emerxencias (CENEM), o cal trasladará a comunicación da situación ás correspondentes delegacións e subdelegacións do Goberno.

Para o caso en que non se poida localizar a aeronave e, en consecuencia, non poida confirmarse a ocorrencia dun accidente aéreo, as notificacións a que fai referencia o parágrafo anterior realizaraas o Servizo de Busca e Salvamento Aéreo.

No caso de emerxencias nunha instalación aeronáutica, será o xestor da dita instalación o obrigado a notificalas ao órgano competente en materia de protección civil da comunidade autónoma en que tal instalación se encontre localizada, e ao CENEM, o cal transmitirá a dita información ás respectivas delegacións/subdelegacións do Goberno.

Sempre que se encontren involucradas aeronaves, a notificación deberá conter, como mínimo, a información seguinte:

- Tipoloxía en que se clasifica a emerxencia (de acordo co especificado no punto 2.5).
- Accións tomadas.
- Necesidades de apoio e coordinación.
- Lugar e coordenadas xeográficas.
- Ruta prevista (orixe e destino).
- Tipo de aeronave (sempre que se dispoña da dita información).
- Número de voo (sempre que se dispoña da dita información).
- Compañía aérea (sempre que se dispoña da dita información).
- Número de persoas a bordo (sempre que se dispoña da dita información).
- Número de persoas a bordo con necesidades especiais (sempre que se dispoña da dita información).
- Última localización coñecida da aeronave.
- Tipo de mercadoría a bordo (sempre que se dispoña da dita información).

2.4 Actuacións básicas que se considerarán nos plans: nos plans especiais deberán considerarse, de acordo coas especificacións funcionais correspondentes a cada nivel de planificación, as actuacións necesarias para a protección de persoas, bens e ambiente en caso de emerxencia e, fundamentalmente, as seguintes:

- Sistema de información, avisos e alertas ante incidentes, accidentes e emerxencias na instalación aeronáutica ou nas súas inmediatezas.
- Delimitación de zonas de actuación e control de accesos.
- Extinción de incendios e salvamento de persoas.
- Socorro e primeiros auxilios a persoas vítimas do accidente.
- Evacuación, transporte sanitario, hospitalización e identificación de feridos.

- Asistencia a familiares das vítimas, segundo o establecido no Protocolo de coordinación para a asistencia ás vítimas de accidentes da aviación civil e os seus familiares.

- Información ás autoridades e aos cidadáns en xeral, a través dos medios de comunicación social.

- Mantemento da seguridade pública.

- Os sistemas de coordinación coa instalación aeronáutica en caso de que estes teñan que permanecer operativos, de a emerxencia ter lugar nas ditas instalacións.

En todo caso, os diferentes plans, estatal, autonómico e, se for o caso, municipal, deberán ter en conta, en todas as súas fases, as distintas necesidades das persoas con discapacidade e outros grupos en situación de vulnerabilidade, e establecer protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade.

Dependendo das características e actividades desenvolvidas na instalación aeronáutica de que se trate, deberán considerarse outras actividades de emerxencia, tales como as necesarias para facer fronte ao risco de substancias tóxicas, explosivas ou radiolóxicas.

Así mesmo, a organización do plan deberá facilitar a realización, por parte doutras organizacións, de actividades ligadas á situación de emerxencia, tales como:

- Identificación de falecidos.

- Investigación técnica e xudicial.

- Xestión da actividade aeronáutica.

2.5 Fases e situacións operativas dos plans especiais de comunidade autónoma: no caso de que se declare a activación dun plan especial, a determinación do establecemento das fases e situacións operativas que, se for o caso, corresponda realizarse en función das previsións de risco, da gravidade, do ámbito territorial afectado e da capacidade para responder ás consecuencias da emerxencia ou catástrofe.

a) Valoración da gravidade da emerxencia: a valoración da gravidade da emerxencia aeronáutica de aviación civil permitirá o establecemento das fases e situacións operativas para a xestión das emerxencias, as cales deberán estar previstas nos diferentes plans.

Esta valoración realizarse tendo en conta os efectos producidos sobre persoas, bens e ambiente e aqueloutros que se prevea que poden producirse en función, por un lado, das circunstancias que concorren no incidente/accidente e, por outro, das súas características e tipo.

As circunstancias que se valorarán serán:

- Lugar do incidente/accidente.

- Tipo de aeronave.

- Número de vítimas.

- Natureza e perigosidade do incidente/accidente.

- Presenza de mercadorías perigosas a bordo e/ou combustible.

- Posibilidade de efecto dominó.

- Poboación, edificacións e outros elementos vulnerables circundantes.

- Contorna ambiental.

- Condicións meteorolóxicas.

As emerxencias aeronáuticas de aviación civil clasificaranse, fundamentalmente, nos seguintes tipos:

- Emerxencias con implicación de aeronaves:

- Emerxencia de aeronave en zona A dunha instalación aeronáutica.

- Emerxencia de aeronave en zona E dunha instalación aeronáutica (pode incluír zona do mar).

- Emerxencia de aeronave noutras zonas do territorio español.

- Emerxencia de aeronave noutras zonas do mar territorial español.

- Emerxencia de aeronave no estranxeiro con orixe e/ou destino en territorio español.



- Emerxencia de aeronave en zonas do espazo aéreo de responsabilidade asignadas a España, fóra do territorio ou do mar territorial.

- Emerxencias sen implicación de aeronaves en instalacións aeronáuticas:

- Emerxencias en edificios.
- Actos de interferencia ilícita.
- Catástrofes por ameazas naturais.
- Emerxencias en que se ven involucradas mercadorías perigosas.
- Emerxencias sanitarias (incluídas as emerxencias de saúde pública de importancia internacional).

- Emerxencias mixtas.

b) Fases e situacións operativas de emerxencia: mediante a consideración das circunstancias anteriormente enumeradas, e en función das necesidades de intervencións derivadas das características da emerxencia e das súas consecuencias xa producidas ou previsibles, o director do plan especial declarará a situación que corresponda, conforme os criterios seguintes:

b.1) Fase de preemerxencia: é a referida a aqueles casos en que:

- A emerxencia non se confirmou, pero existe a posibilidade real de que se producese un accidente de aeronave e, por tanto, pode implicar a realización de operacións de busca para localizar a aeronave afectada. Mantense comunicación cos centros coordinadores de salvamento para realizar o seguimento da evolución do suceso.

- As emerxencias ocorran dentro dunha instalación aeronáutica e poidan ser controladas polos medios propios da instalación, ou poida resultar necesario prestar apoio mediante a intervención de servizos de emerxencia externos, pero non se considera necesaria a activación do plan especial en fase de emerxencia. Neste caso, se se trata de instalacións militares, seguirase o establecido no procedemento de coordinación entre as autoridades civís e militares.

- As emerxencias de aeronaves ocorridas fóra da instalación aeronáutica, que non dean lugar á existencia de múltiples vítimas ou non supoñan danos importantes nas infraestruturas ou no ambiente, e non se considere necesaria a activación do plan especial en fase de emerxencia.

- Se reciba información de que poida pórse en perigo ou xa se puxese en perigo a seguridade dunha aeronave en voo.

- Outras emerxencias aeronáuticas como, por exemplo, as derivadas de actos de interferencia ilícita ou con repercusión na saúde pública internacional, que poidan chegar a requirir as actuacións de apoio do Sistema nacional de protección civil.

b.2) Fase de emerxencia: é a referida a emerxencias confirmadas por accidente de aeronave que dan lugar á existencia de múltiples vítimas e/ou danos materiais de diversa consideración ou á ocorrencia dunha emerxencia en instalacións aeronáuticas, ou en bases militares abertas ao tráfico civil que non poden ser atendidas coa suficiente eficacia mediante a intervención dos servizos do sistema ordinario de atención de emerxencias previsto no plan de autoprotección da instalación ou no plan de emerxencia da base aérea, se for o caso. Nesta fase actívase o plan especial e constitúense os órganos de apoio á súa dirección.

Segundo a gravidade e extensión dos danos producidos, nesta fase poden distinguirse tres situacións operativas:

- Situación 1. Referida a aquelas emerxencias que poden ser controladas cos medios de intervención previstos no plan especial e a dirección da emerxencia é asumida polo responsable previsto no dito plan.

- Situación 2. Referida a aquelas emerxencias que, para o seu control ou a posta en práctica das necesarias medidas de protección, se considera necesaria a intervención de

medios externos ao ámbito de aplicación do plan especial, en particular a incorporación de medios da Administración xeral do Estado ou internacionais. A dirección da emerxencia segue sendo asumida polo responsable previsto no dito plan.

– Situación 3. A emerxencia é de tal envergadura que, de acordo co establecido na Lei 17/2015, do 9 de xullo, o ministro do Interior declara a emerxencia de interese nacional e a dirección operativa da emerxencia é asumida polo xeneral xefe da Unidade Militar de Emerxencias. Nesta situación, o delegado do Goberno na comunidade autónoma asumirá a dirección colexiada da emerxencia no Comité de Dirección establecido no plan especial.

b.3) Fase de recuperación: fase consecutiva á de emerxencia, que se prolongará até o restablecemento das condicións mínimas imprescindibles para o retorno á normalidade na poboación, ambiente e bens das áreas afectadas polo accidente.

Durante esta fase realizaranse as primeiras tarefas de rehabilitación nas ditas zonas, consistentes fundamentalmente na reparación dos danos máis relevantes sufridos polas infraestruturas dos transportes, das telecomunicacións e da subministración de auga, electricidade e combustibles.

– Así mesmo, procederase tamén á coordinación coas actuacións da Oficina de Asistencia a Vítimas de Accidentes Aéreos (OAV) do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

### *3. Estructura xeral e contido mínimo da planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil*

3.1 Características básicas: para os efectos da presente directriz considéranse os seguintes niveis de planificación: estatal, de comunidade autónoma e de ámbito local.

Para asegurar unha resposta eficaz na protección de persoas e bens ante situacións de emerxencia en que poida entrar en xogo o interese nacional requírese que os plans elaborados nos niveis aludidos:

– Dispoñan dos órganos e procedementos de coordinación que fagan posible a súa integración nun conxunto plenamente operativo e susceptible dunha rápida aplicación.

– Establezan as relacións funcionais precisas entre as organizacións dos plans de distinto nivel, co obxecto de facilitar a colaboración entre elas, naqueles casos en que resulte necesario.

Na planificación de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil debe terse en conta:

1. Os plans especiais deberán contar con protocolos de actuación específicos nas distintas fases que garantan unha asistencia adecuada a persoas con discapacidade e a outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Así mesmo, os ditos plans deberán conter procedementos de mobilización e actuación dos recursos necesarios para resolver as necesidades das persoas con discapacidade e así garantir unha asistencia eficaz, e recoller medidas e recursos específicos que garantan a accesibilidade universal.

2. Os plans especiais deberán conter programas de información preventiva e de alerta que permitan a todos os cidadáns adoptar as medidas oportunas. Estes programas deben ter os formatos adecuados e os mecanismos necesarios para que sexan accesibles e comprensibles para as persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade. Cando a tarefa informativa se dirixa a vítimas ou familiares de vítimas con discapacidade, realizarase coas adaptacións necesarias e, se for o caso, con axuda de persoal especializado.

3. Os distintos servizos de intervención en emerxencias deberán recibir formación específica para atender os ditos colectivos contando coas características e necesidades especiais que poden presentar.

Formarán parte, así mesmo, desta estrutura xeral de niveis de planificación, os plans de autoprotección das instalacións aeronáuticas situadas en territorio español, que se coordinarán e integrarán cos plans de protección civil.

3.2 O Plan estatal de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil.

3.2.1 Concepto: o Plan estatal de protección civil ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil (en diante, Plan estatal) é un plan complementario dos plans especiais e nel establécense a organización e os procedementos de actuación daqueles recursos e servizos do Estado que sexan necesarios para asegurar unha resposta eficaz do conxunto das administracións públicas, ante emerxencias aeronáuticas en que estea presente o interese nacional, así como os mecanismos de apoio aos plans xerais de comunidades autónomas no suposto de que estes o requiran.

3.2.2 Funcións básicas: son funcións básicas do Plan estatal as seguintes:

a) Prever a estrutura organizativa que permita a dirección e coordinación do conxunto das administracións públicas en emerxencias aeronáuticas en que estea presente o interese nacional.

b) Establecer os mecanismos e procedementos de apoio aos plans especiais de comunidades autónomas nos supostos que o requiran.

c) Establecer e manter un banco de datos sobre capacidades mobilizables en emerxencias aeronáuticas en que estea presente o interese nacional, así como para a súa mobilización en emerxencias en que sexa necesario o apoio aos plans especiais de comunidades autónomas, por solicitude dos seus órganos competentes.

d) Prever os mecanismos de solicitude e recepción e, se for o caso, achega de axuda internacional para o seu emprego en emerxencias aeronáuticas, en aplicación do mecanismo de protección civil da Unión Europea, e os convenios e tratados internacionais.

e) Establecer e manter a base nacional de datos sobre emerxencias aeronáuticas con consecuencias para efectos de protección civil, que formará parte da Rede nacional de información de protección civil, prevista no artigo 9 da Lei 17/2015, do 9 de xullo.

f) Outras funcións que poidan ser asignadas polo ministro do Interior.

No desenvolvemento de todas as súas funcións básicas, o Plan estatal deberá ter en conta as distintas necesidades das persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade.

3.2.3 Contido mínimo: o Plan estatal establecerá a organización e os procedementos que permitan o eficaz desenvolvemento das funcións básicas enumeradas no número 3.2.2 da presente directriz, axustándose aos números seguintes:

3.2.3.1 Obxecto e ámbito: quedará especificado o seu obxecto, de acordo co número 3.2.2, e o seu ámbito de aplicación será a totalidade do territorio nacional e o espazo aéreo de responsabilidade. Non obstante, o seu alcance pode estenderse, no que a atención a persoas se refire, a voos que teñan a súa orixe ou destino en territorio nacional.

3.2.3.2 Sistema de notificación: o Plan estatal conterá unha descrición detallada do sistema de notificación e identificará os servizos competentes encargados de materializar as notificacións a que alude o número 2.3.

3.2.3.3 Situacións operativas do Plan estatal: o Plan estatal conterá unha descrición das condicións en que se encontre o plan, que poden caracterizarse de acordo coas seguintes situacións: información e seguimento, coordinación e apoio, interese nacional, así como da autoridade responsable da súa declaración.

3.2.3.4 Estrutura e organización: poderán formar parte da organización e estrutura derivada do Plan estatal todos os organismos, órganos e entes da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas que, pola súa actividade, medios ou recursos, poidan intervir en emerxencias aeronáuticas e na redución dos riscos que delas poidan derivar para persoas e bens.

a) Dirección e coordinación do Plan estatal: corresponde ao ministro do Interior o exercicio das funcións que lle son atribuídas polo artigo 34 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, e, en particular, a declaración de interese nacional, así como, en tal caso, exercer a superior dirección das actuacións de emerxencia, utilizando a organización do Plan estatal, así como as previsións dos plans especiais de comunidades autónomas e de entidades locais que sexan de aplicación.

En caso de emerxencia de interese nacional, o xeneral xefe da Unidade Militar de Emerxencias asumirá a dirección operativa, de acordo co establecido no Protocolo de intervención da Unidade Militar de Emerxencias.

Cando no Plan estatal se recollan previsións que impliquen a coordinación de medios autonómicos pola Administración xeral do Estado, entre as ditas previsións inclúense as condicións organizativas que garantan que as indicacións aos empregados públicos autonómicos se cursen a través dos seus mandos naturais, de conformidade co que para tal efecto sinala a consellería ou departamento correspondente.

b) Funcións de apoio do Plan estatal aos órganos de dirección dos plans especiais de comunidades autónomas: a Administración xeral do Estado colaborará na resolución das emerxencias non declaradas de interese nacional prestando apoio aos órganos das comunidades autónomas aos cales corresponda a súa dirección, coa achega de medios e recursos da súa titularidade que estean dispoñibles, cando aquelas o soliciten. A Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias facilitará a realización de tales actuacións, a través do Comité Estatal de Coordinación (CECO). Corresponderá aos delegados e subdelegados do Goberno facilitar a mobilización de medios estatais que estean situados dentro do seu ámbito territorial, sen prexuízo das normas específicas relativas á intervención das Forzas Armadas.

As autoridades competentes en materia de protección civil das comunidades autónomas poderán solicitar a colaboración das Forzas Armadas ao Ministerio do Interior, quen, valorada a dimensión e gravidade da emerxencia e os medios dispoñibles para facerlle fronte, requirirá, se for o caso, a dita colaboración ao Ministerio de Defensa.

A solicitude de axuda internacional, se for o caso, unha vez esgotadas as posibilidades de incorporación de medios nacionais, efectuaráa o Ministerio do Interior, de acordo cos procedementos establecidos.

c) CECO: o CECO terá carácter de órgano colexiado, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O CECO, adscrito ao Ministerio do Interior a través da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, terá a composición seguinte:

- Presidente: a persoa titular da Subsecretaría do Interior.
- Vicepresidente: a persoa titular da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias.
- Vogais: un representante de cada un dos órganos e organismos seguintes:
  - Dirección Xeral de Política de Defensa.
  - Departamento de Seguridade Nacional.
  - Dirección Xeral da Policía.
  - Dirección Xeral da Garda Civil.
  - Dirección Xeral de Tráfico.
  - Dirección Xeral de Aviación Civil.
  - Axencia Estatal de Seguridade Aérea.
- Unidade de Emerxencias e Coordinación e Xestión de Crises do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.
  - Secretaría Xeral de Coordinación Territorial.
  - Dirección Xeral de Españóis no Exterior e de Asuntos Consulares.
  - Cando as circunstancias o requiran e por instancia do presidente do CECO, poderán incorporarse representantes doutros órganos directivos e organismos, con especial relevancia nos temas que se van tratar.

– Secretario: a persoa titular da Subdirección Xeral de Prevención, Planificación e Emerxencias da Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias, con voz, pero sen voto.

O funcionamento do CECO será atendido cos medios persoais, técnicos e orzamentarios asignados á Dirección Xeral de Protección Civil e Emerxencias. O CENEM desa dirección xeral constituirá o órgano de apoio cando se proceda á súa activación.

Serán funcións do CECO as seguintes:

– Coordinar as medidas que se van adoptar para a mobilización e achega de todos os medios e recursos que, estando situados fóra do ámbito territorial da comunidade autónoma afectada, sexan necesarios para a atención da situación de emerxencia.

– Prestar asesoramento técnico cando sexa requirido pola dirección da emerxencia.

– Coordinar a actuación dos apoios exteriores de carácter internacional en caso de ser requiridos.

– Analizar e valorar con periodicidade anual o estado organizativo e de operatividade do Plan estatal, así como os sistemas de coordinación cos plans das comunidades autónomas, co obxecto de propor as melloras que resulten necesarias.

– Apoiar o Centro de Atención a Familiares (CAF) coa mobilización tanto de medios humanos e materiais como de recursos para o seu funcionamento óptimo.

3.2.3.5 Operatividade: no Plan estatal estableceranse os procedementos e mecanismos operativos que permitan o desenvolvemento das súas funcións coa máxima eficacia posible. Estes referiranse, basicamente,

– Á activación do Plan estatal.

– Á busca e localización de aeronaves sinistradas.

– Á notificación de accidentes e incidentes de aeronaves aos órganos competentes en protección civil.

– Á mobilización de medios de titularidade estatal e solicitude de colaboración de medios doutras comunidades autónomas a través do Plan estatal.

– Solicitudes de intervención e repregamento da Unidade Militar de Emerxencias.

– Incorporación de medios e recursos internacionais chamados a colaborar en territorio nacional.

3.2.3.6 Implantación e mantemento do Plan estatal: o Plan estatal conterá un plan de implantación e mantemento do propio plan, mediante o deseño dun programa de formación práctica continua de intervinientes que permita a realización de exercicios e simulacros que faciliten a mellora continua do plan.

3.2.3.7 Aprobación do Plan estatal: o Plan estatal será aprobado polo Consello de Ministros, por proposta do ministro do Interior, e logo de informe do Consello Nacional de Protección Civil.

3.3 Os plans especiais de protección civil de comunidades autónomas ante emerxencias aeronáuticas de aviación civil.

3.3.1 Concepto: o plan especial establecerá o marco orgánico e funcional e os procedementos de actuación para facer fronte ás emerxencias aeronáuticas de aviación civil, así como ás emerxencias que se produzan en instalacións aeronáuticas, dentro do territorio da comunidade autónoma implicada. Non será de aplicación ás zonas fóra do seu ámbito territorial, salvo no relativo ás zonas que cobren as inmediacións das instalacións aeronáuticas (Zona E) e que afecten outra comunidade autónoma ou país veciño, nas cales os procedementos de actuación se limitarán á coordinación coas administracións implicadas, así como ás obrigacións derivadas do Protocolo de asistencia a vítimas e familiares de accidentes aéreos.

Integraranse no plan especial os plans de ámbito local ante o risco de emerxencias aeronáuticas de aviación civil (en diante, plans locais), que se encontren incluídos no

ámbito territorial daquel, así como os plans de autoprotección das instalacións aeronáuticas do seu territorio.

En caso de que a comunidade autónoma non dispoña de plan especial, as disposicións relativas á xestión de emerxencias aeronáuticas de aviación civil rexeranse de acordo co disposto nos respectivos plans territoriais de protección civil.

3.3.2 Funcións básicas: son funcións básicas dos plans especiais de comunidades autónomas:

a) Identificar e elaborar procedementos operativos de notificación, intervención, xestión e coordinación das emerxencias aeronáuticas de aviación civil, ocorridos dentro do territorio da comunidade autónoma.

b) Zonificar o territorio en función do risco de ocorrencia de emerxencias aeronáuticas e elaborar procedementos de información á poboación potencialmente afectada por estas situacións. Esta información deberá ser plenamente accesible ás persoas con discapacidade de calquera tipo e aos colectivos máis vulnerables.

c) Prever os procedementos de coordinación coas distintas administracións públicas, os centros de coordinación e os diferentes servizos públicos e privados que interveñen nas diferentes fases dunha emerxencia.

d) Establecer os mecanismos de coordinación coas organizacións das administracións locais do seu ámbito territorial e definir criterios para a elaboración dos plans de actuación de ámbito local destas.

e) Establecer os mecanismos de coordinación cos plans de autoprotección ou emerxencia das instalacións aeronáuticas situadas no territorio da comunidade autónoma.

f) Prever os procedementos de coordinación co Plan estatal para garantir a súa adecuada integración.

g) Establecer a estrutura adecuada para dar cobertura ao establecido no Protocolo de asistencia a vítimas e familiares de accidentes aéreos.

No desenvolvemento de todas as súas funcións básicas os plans especiais deberán ter en conta as distintas necesidades das persoas con discapacidade e outros colectivos en situación de vulnerabilidade, e establecer os protocolos de actuación específicos para garantir a súa asistencia e seguridade.

3.3.3 Contido mínimo: os plans especiais terán o contido mínimo seguinte:

3.3.3.1 Obxecto e ámbito: no plan especial farase constar o seu obxecto, o cal será concordante co establecido no número 3.3.1.

3.3.3.2 Zonificación: o plan especial conterá un número destinado a cuantificar e localizar cantos aspectos relativos ao territorio da comunidade autónoma resulten relevantes para fundamentar a análise de risco de ocorrencia de emerxencias aeronáuticas, para os efectos de protección civil.

De acordo coa zonificación efectuada, o plan especial especificará, se for o caso, os ámbitos xeográficos para os cales os municipios ou agrupacións de municipios comprendidos naqueles deberán elaborar os seus correspondentes plans locais sen prexuízo de que, a criterio das autoridades locais correspondentes, poidan confeccionarse plans para ámbitos territoriais distintos aos anteriores.

A zonificación territorial plasmarase en mapas confeccionados sobre cartografía oficial de escala adecuada, que figurarán como documentos anexos ao plan.

3.3.3.3 Estrutura e organización: o plan especial especificará a organización xerárquica e funcional segundo a cal se levarán a cabo e dirixirán as actuacións, para o adecuado desempeño das funcións descritas no número 3.3.2, de acordo cos criterios seguintes:

a) Órganos de dirección: no plan especial establecerase o órgano que exerza a súa dirección, ao cal corresponderá a súa activación, decidir as actuacións máis convenientes para facer fronte á emerxencia e determinar o final desta, mentres non fose declarada de interese nacional.

Estas funcións serán realizadas pola dirección do plan, dentro do correspondente comité de dirección, naquelas situacións de emerxencia que o requiran.

O plan especial especificará a autoridade ou autoridades da comunidade autónoma e da delegación do Goberno que formarán parte do comité de dirección que para cada caso se constitúa, así como as funcións que, en relación coa dirección de emerxencias, teñan atribuídas.

En todo caso, corresponderá ao órgano competente en materia de protección civil da comunidade autónoma a mobilización e coordinación dos recursos de que sexa titular.

b) Órganos de apoio: o plan especial especificará, así mesmo, a composición e funcións dos órganos de apoio ao órgano de dirección do plan (comité asesor e gabinete de información), sen prexuízo das incorporacións que, en función das necesidades en situacións de emerxencia, decida o órgano de dirección.

c) Órganos de intervención: estableceranse distintos grupos de acción, cuxas denominacións, funcións, composición e estrutura quedarán determinadas no plan, segundo as súas necesidades e características.

3.3.3.4 Operatividade: o plan especial adecuará a súa organización e estrutura en función das situacións operativas declaradas pola dirección do plan e establecerá os procedementos operativos, que, ao menos, incluirán:

- Activación do plan e declaración de situacións segundo o número 2.5.
- Procedemento de notificación.
- Procedementos de intervención.
- Procedemento de asistencia a vítimas e familiares de accidentes de aviación civil, segundo o Real decreto 632/2013, do 2 de agosto.
- Procedemento de información á poboación.

3.3.3.5 Implantación, mantemento e actualización do plan especial: no plan deberanse considerar as actuacións necesarias para garantir que os procedementos de actuación previstos sexan plenamente operativos, así como a súa actualización e mantemento ao longo do tempo. Tales actuacións referiranse, ao menos:

- A comprobacións periódicas sobre a operatividade do plan.
- Ao programa de formación do persoal adscrito aos grupos de intervención.
- Ao programa de exercicios e simulacros.
- Ao programa de revisión e actualización do plan.

3.3.3.6 Coordinación do plan especial cos plans locais: o plan especial establecerá os necesarios procedementos de coordinación cos plans de ámbito local incluídos no seu ámbito territorial, co obxecto de conseguir a súa plena integración operativa na organización daquel.

3.3.3.7 Coordinación do plan especial cos plans de autoprotección de instalacións aeronáuticas: o plan establecerá os procedementos que utilizarán os xestores das instalacións aeronáuticas para:

- Asegurar unha información inmediata e detallada aos órganos previstos no plan especial de comunidade autónoma, acerca das situacións de perigo e das emerxencias ocorridas nas ditas instalacións ou producidas por accidentes de aeronaves no seu interior ou nas súas proximidades.
- Permitir unha rápida mobilización de medios de intervención cando os previstos polo plan de autoprotección resulten insuficientes.
- Garantir unha eficaz coordinación nas intervencións de emerxencia dos recursos mobilizados no ámbito do plan especial e os propios do plan de autoprotección.

Os aspectos que se definirán de maneira coordinada, a través dos procedementos que se establezan, serán, ao menos, os seguintes:

- Procedementos de notificación.
- Instalacións afectadas e definición das zonas de influencia dos plans de aplicación.

- Escenarios en que pode ser necesaria a activación do plan especial en coordinación cos plans de autoprotección das instalacións aeronáuticas.
- Integración das estruturas de mando dos plans de autoprotección na do plan especial.
- Procedementos de coordinación entre colectivos dos plans de autoprotección e colectivos do plan especial.

3.3.3.8 Catálogo de capacidades: o plan especial conterá un capítulo ou anexo destinado a detallar os medios e recursos materiais e humanos adscritos a el e, de ser o caso, as condicións de dispoñibilidade en situacións de emerxencia.

3.3.3.9 Aprobación do plan especial: a aprobación do plan realizaraa o órgano competente da comunidade autónoma, logo de informe do Consello Nacional de Protección Civil.

3.4 Coordinación entre o Plan estatal e os plans especiais de comunidades autónomas.

3.4.1 Órganos de coordinación e transferencia de responsabilidades na dirección de emerxencias: no suposto dunha emerxencia aeronáutica en que se declarase o interese nacional e, en consecuencia, se cualificase a situación operativa 3 do plan especial de comunidade autónoma, faise necesaria a constitución dun comité de dirección, integrado polo director do plan especial de comunidade autónoma e o delegado do Goberno. Neste caso corresponde ao delegado do Goberno a función de dirección do plan especial de comunidade autónoma, de conformidade co que, para este caso, estableza o Plan estatal.

Non obstante, en función das características da emerxencia e a súa gravidade, o director do plan especial de comunidade autónoma poderá solicitar, se así o recolle o plan especial, a creación do dito comité de dirección en caso de situación operativa 2.

En caso de constitución do comité de dirección, e para o apoio ao exercicio das súas funcións, o Centro de Coordinación Operativa (Cecop) do plan especial quedará constituído como Centro de Coordinación Operativa Integrado (Cecopi).

En caso de que, por petición do director do plan especial, se constituía o comité de dirección en situación operativa 2, corresponden ao dito director do plan especial as funcións de dirección do plan.

O comité de dirección contará para o desempeño das súas funcións coa asistencia dun comité asesor e un gabinete de Información.

3.4.2 Información sobre sucesos e previsións de risco: mesmo naquelas circunstancias que non exixan a constitución dos órganos a que se refire o punto anterior, os procedementos que se establezan nos plans deberán asegurar a máxima fluidez informativa entre eles, tanto sobre previsións de risco como sobre o acaecemento de sucesos que poidan incidir na activación ou no desenvolvemento dos plans e das operacións de emerxencia.

Corresponderá aos órganos de dirección dos plans especiais de comunidades autónomas facilitar, aos órganos que se prevexan no Plan estatal, a información sobre as situacións de emerxencia en que se solicite a intervención de medios da Administración xeral do Estado.

3.5 Plans de ámbito local ante o risco de emerxencias de protección civil: o plan especial da comunidade autónoma establecerá, dentro do seu respectivo ámbito territorial e de acordo coa planificación realizada en función da análise do risco, cales son a entidades locais que deben elaborar plans de actuación de ámbito local ante o risco de emerxencias de protección civil, e recollerá as directrices para a elaboración dos ditos plans, así como o marco organizativo xeral que posibilite a súa plena integración na organización do plan especial da comunidade autónoma.



Os plans locais presentarán, como mínimo, o seguinte contido:

- a) Características principais do plan.
- b) Responsabilidades.
- c) Funcións básicas do plan.
- d) Dirección do plan.
- e) Coordinación entre plans.

Os plans municipais ou doutras entidades locais serán aprobados polos órganos das respectivas corporacións en cada caso competentes e pola Comisión de Protección Civil da comunidade autónoma que corresponda.

#### 4. *Guía técnica*

Como complemento a esta directriz básica, a Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESA) elaborará unha guía técnica de carácter recomendatorio co fin de harmonizar, para efectos de protección civil, os requisitos exixidos pola normativa sectorial aeronáutica respecto dos plans de autoprotección das instalacións aeronáuticas cos plans de protección civil previstos nesta directriz.

### ANEXO

#### Análise de riscos

O obxecto desta análise de riscos é:

- a) Identificar e avaliar os escenarios onde poden ocorrer emerxencias aeronáuticas que poidan necesitar da activación de plans de protección civil.
- b) Identificar as zonas do territorio con maior risco de ocorrencia de emerxencias aeronáuticas, e determinar as zonas de planificación correspondentes.
- c) Previr as consecuencias destas emerxencias, na medida do posible.

Esta análise de riscos non recolle as medidas para a redución do risco que corresponden ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana en canto ás súas funcións de ordenación, supervisión e inspección da seguridade do transporte aéreo e dos sistemas de navegación aérea e de seguridade aeroportuaria, así como aquelas medidas que, se for o caso, correspondan aos órganos competentes das comunidades autónomas en relación coas infraestruturas aeronáuticas da súa competencia.

A análise de riscos consta de:

– Identificación de perigos: a engalaxe e a aterraxe son as fases críticas dun voo. As estatísticas mostran que son as fases en que se producen un maior número de emerxencias. Isto significa que son as instalacións aeronáuticas e as súas inmediacións as zonas onde se producen habitualmente as emerxencias, con distinta perigosidade, desde pequenos incidentes até incidentes graves e accidentes aéreos con vítimas mortais. Na identificación de perigos teranse en conta, ademais das emerxencias de aeronaves en instalacións aeroportuarias, as emerxencias nas ditas instalacións non relacionadas directamente con aeronaves, os tipos de aeronaves e as entidades locais sobrevoadas nas manobras de engalaxe e aterraxe dos aeródromos até o seu enlace coas distintas aerovías.

– Análise de datos: un factor clave na análise de riscos é a calidade da base de datos utilizados na dita análise. Obteranse datos históricos sobre emerxencias aeronáuticas, así como datos e estatísticas de organismos oficiais. Unha vez obtidos os datos, estableceranse distintos criterios para elaborar a base de datos, por exemplo: período de tempo considerado, tipos de accidentes e emerxencias que non se teñen en conta (helicópteros, aeronaves militares, interferencia ilícita, etc.). A base de datos incluírá, para cada emerxencia, a fase de voo, a localización, o tipo de aeronave, as condicións

meteorolóxicas, as consecuencias sobre as persoas e o ambiente, e as causas da emerxencia.

– Identificación de escenarios de emerxencia: do resultado da análise de datos, do estudo das análises de riscos dos plans de autoprotección das instalacións aeronáuticas e dos escenarios identificados noutros plans de protección civil identifícanse os distintos escenarios de posibles emerxencias aeronáuticas.

– Avaliación do risco: da identificación de escenarios determínanse as zonas de planificación ao teren un maior risco de sufrir unha emerxencia. Non se trata de obter a probabilidade de ocorrencia dunha emerxencia senón de avaliar cales son as zonas do territorio cunha maior probabilidade de verse afectadas en caso de se producir unha emerxencia.

– Análise de vulnerabilidade: facer unha estimación da cantidade de poboación afectada nos diferentes escenarios de emerxencia considerados. Definir e elaborar unha listaxe dos elementos vulnerables significativos que queden dentro das zonas de afectación ou de planificación en cada caso.